

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**8139** *Real decreto 593/2014, do 11 de xullo, polo que se modifica o Regulamento de protección de obtencións vexetais, aprobado polo Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro.*

O Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de protección de obtencións vexetais, desenvolve a Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, en cumprimento do previsto na súa disposición derradeira terceira.

Nos artigos 30 a 36 régulase a Comisión de Protección de Obtencións Vexetais como órgano colexiado de carácter consultivo cuxos ditames son preceptivos para a concesión ou denegación dun título de obtención vexetal. Por iso, a elección dos seus membros, que non terá carácter representativo dos distintos sectores afectados, estará baseada no principio de especialización.

Dado o tempo transcorrido, é preciso adecuar a súa composición á actual estrutura do departamento.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de protección de obtencións vexetais, aprobado polo Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro.*

O artigo 31 do Regulamento de protección de obtencións vexetais, aprobado polo Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro, substitúese polo seguinte:

«Artigo 31. *Composición da Comisión de Protección de Obtencións Vexetais.*

1. A Comisión estará integrada por:

a) Presidente: o subdirector xeral de Medios de Produción Agrícolas e Oficina Española de Variedades Vexetais. Na súa ausencia será substituído polo seu vicepresidente.

b) Vicepresidente: o subdirector adxunto de Medios de Produción Agrícolas e Oficina Española de Variedades Vexetais.

c) Secretario: un funcionario da Subdirección Xeral de Medios de Produción Agrícolas e Oficina Española de Variedades Vexetais que ocupe un posto de nivel, polo menos, 22, que tamén actuará como vogal desta, designado polo director xeral de Producións e Mercados Agrarios, e que, na súa ausencia, será substituído por un dos vogais.

2. A Comisión está integrada tamén polos seguintes vogais:

a) O xefe da Avogacía do Estado do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que, en caso de ausencia, enfermidade ou outra causa xustificada, será substituído por outro avogado do Estado que preste os seus servizos no dito departamento, designado por el.

b) Un xefe de área da Subdirección Xeral de Medios de Produción Agrícolas e Oficina Española de Variedades Vexetais.

c) Os seguintes expertos nomeados, por cada ano natural, polo director xeral de Producións e Mercados Agrarios, por proposta do subdirector xeral de Medios de Produción Agrícolas e Oficina Española de Variedades Vexetais:

- 1.º Tres expertos en avaliación e caracterización varietal.
- 2.º Tres expertos en xenética vexetal.
- 3.º Un experto en botánica ou fisioloxía vexetal.
- 4.º Un experto en bioloxía molecular.
- 5.º Un experto en sementes de cultivos herbáceos extensivos.
- 6.º Un experto en sementes de cultivos herbáceos intensivos.
- 7.º Un experto en plantas de viveiro, froiteiras e cultivos leñosos.
- 8.º Un experto en plantas ornamentais.
- 9.º Un experto en conservación de recursos fitoxenéticos.
- 10.º Un experto en patentes.
- 11.º Dous expertos en materia xurídica relacionada coa protección das obtencións vexetais e outros dereitos de propiedade industrial.
- 12.º Un experto en denominacións de orixe.

Os expertos designados son inamovibles durante o período do seu nomeamento.

3. Así mesmo, asistirán ás reunións da Comisión os convidados que propoña o presidente, que terán voz pero non voto.

4. A cada reunión serán convocados os expertos que teñan relación coas especies a que pertencen os expedientes obxecto de estudo.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de xullo de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA